



ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

www.ctnl.org

Encontro informativo sobre dereitos laborais para técnicos/as de normalización lingüística

**Xoves 22 de decembro
18.00 h | Santiago de Compostela**

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) organiza un encontro informativo sobre dereitos laborais, dirixido aos técnicos e ás técnicas de normalización lingüística das administracións públicas.

Ante a situación de peche de varios servizos de normalización lingüística, vía despedimento, vía non renovación de contrato, e o previsíbel peche doutros nas vindeiras semanas e meses, desde a CTNL organízase de modo urxente este encontro para informar a técnicos e a técnicas dos seus dereitos laborais segundo a duración, tipo, cláusulas, etc., do seus respectivos contratos e para resolver posíbeis dúbidas. Neste encontro, para o que se conta coa colaboración da Confederación Intersindical Galega (CIG), acompañaranos o avogado experto na materia Héctor López de Castro.

Obxectivos

- ✓ Informar a técnicos e a técnicas dos seus dereitos laborais segundo a duración, tipo, cláusulas, etc., do seus respectivos contratos
- ✓ Resolver dúbidas sobre os dereitos laborais dos técnicos/as de normalización lingüística, nomeadamente ante posíbeis despedimentos, non renovacións, etc.

Destinatarios

- ✓ Técnicos e técnicas de normalización lingüística das administracións públicas asociados/as á CTNL

Avogado que nos acompañará

- ✓ Héctor López de Castro, do gabinete xurídico da CIG

Asistencia

A asistencia, de balde, débese confirmar previamente no enderezo electrónico info@ctnl.org

Data, hora e lugar

- ✓ DÍA: **xoves 22 de decembro**
- ✓ HORA: **18.00 h**
- ✓ Sede da CIG.
Rúa de Manuel Ferro Caaveiro 10.
San Lázaro (Fronte ao Palacio de Congressos). Santiago de Compostela

+info

Entra en www.ctnl.org

Escrebe a info@ctnl.org

Chama ao **629 571 950**

ORGANIZA



ctnl

Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

COLABORA



Confederación Intersindical Galega